

## **INFORME PROPOSTA DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN**

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ACCESIBILIDADE NO CONCELLO DE LUGO (FASE IV). APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO TÉCNICO E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO E MEDIANTE CONCURSO. APERTURA DO PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN.**

### **ANTECEDENTES**

- I. Proxecto técnico de execución de obras de accesibilidade no Concello de Lugo (Fase IV) redactado polo servizo de enxeñería municipal en abril de 2007.
- II. Acta de replanteo previo do proxecto redactada polos enxeñeiros municipais dona Marta Carballal Neira e don Pablo Fuentes Faílde con data 2 de mayo de 2007.
- III. Informe de intervención, do día 7 de decembro de 2007 no que se fai constar, entre outros aspectos, a existencia de consignación orzamentaria na partida 3230.60309 do vixente orzamento municipal para o importe de 241.832,42.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (TRLCAP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJPAC).
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos servizos de Prevención.

## **CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS**

ASM/mla

Refª: Informe\_Proposta\_Contratacion.doc

Asunto: Obras accesibilidade Concello de Lugo Fase III

- Real decreto 486/97 do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

PRIMEIRA. O presente contrato pode ser cualificado como un contrato administrativo de obras, regulado no título primeiro do libro II do TRLCAP (artículos 120 e seguintes) e concretamente como un contrato de obras de reforma, xa que o seu obxecto é a realización das obras necesarias para suprimir as barreiras arquitectónicas existentes no viario da cidade de Lugo segundo o proxecto técnico redactado polo servizo de enxeñería do Concello “Obras de accesibilidade no Concello de Lugo. Fase IV”.

SEGUNDA. O prego de cláusulas administrativas elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable.

O procedemento de adxudicación elixido é o aberto e a forma o concurso, de acordo co previsto nos artigos 73 ó 81, 85 e seguintes e 137 do TRLCAP.

Os criterios de adxudicación recollidos na cláusula décimo segunda do prego respectan, a criterio deste Servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos polo TRLCAP.

TERCEIRA. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto no artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, correspóndelle á Xunta de Goberno Local as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local no artigo 127 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, e a normativa específica de aplicación, propónselle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS**

ASM/mla

Refª: Informe\_Proposta\_Contratacion.doc

Asunto: Obras accesibilidade Concello de Lugo Fase III

**PRIMEIRO.-** Aprobar a contratación da execución das OBRAS DE ACCESIBILIDADE NO CONCELLO DE LUGO (FASE IV) por un importe máximo de 241.832,42 euros con cargo á partida 3230.60309 do vixente orzamento xeral.

**SEGUNDO.-** Aprobar o proxecto técnico “Obras de accesibilidade no Concello de Lugo. Fase IV” redactado polo servizo de enxeñería do Concello. e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá nas obras de referencia, sendo o teor literal deste o seguinte:

**“PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ACCESIBILIDADE NO CONCELLO DE LUGO (FASE IV).**

-----

**PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO.**

É obxecto do presente contrato a realización das obras necesarias para a supresión de barreiras arquitectónicas existentes no viario da cidade de Lugo nos termos que no seu día estableceu o Plan Especial para a Accsesibilidade no Concello de Lugo, segundo o proxecto técnico elaborado polo servizo de enxeñería municipal.

O presente contrato contén a seguinte codificación segundo a nomenclatura da Clasificación Nacional de Produtos por Actividades 1996 (CNPA-1996):

45: TRABALLOS DE CONSTRUCCION

45.1 ..... - ..... TRABALLOS DE PREPARACION DE OBRAS ..... - ..... -

45.2 ..... - ..... TRABALLOS DE CONSTRUCCION XERAL DE INMOBLES E OBRAS DE ENXEÑERÍA CIVIL ..... - ..... -

45.23.11 ..... 45.232 ..... Traballos de cimentación para estradas e rúas ..... 51310.1 ..... -

45.23.12 ..... 45.232 ..... Traballos de pavimentación para estradas e rúas ..... 51310.2 ..... -

**SEGUNDA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.**

Trátase dun contrato de obras, recollido e regulado nos artigos 120 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aprobou o Texto

## CONTRATAÇÃO E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Refª: Informe\_Proposta\_Contratacion.doc

Asunto: Obras accesibilidade Concello de Lugo Fase III

Refundido da Lei de contratos das administracións públicas e que ten por obxecto concretamente a execución da cuarta fase das obras de accesibilidade no Concello de Lugo.

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (TRLCAP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJPAC).
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos servizos de Prevención.
- Real decreto 486/97 do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 59 do TRLCAP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ostenta as prerrogativas de interpretar o contrato, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os efectos da mesma. Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

### **TERCEIRA. PREZO DO CONTRATO.**

## **CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS**

ASM/mla

Refª: Informe\_Proposta\_Contratacion.doc

Asunto: Obras accesibilidade Concello de Lugo Fase III

O orzamento máximo de licitación é de **241.832,42 €** (DOUSCENTOS CORENTA E UN MIL OTOCENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS), incluídos IVE, gastos xerais e beneficio industrial.

Faise contar a existencia de crédito na partida 3230.60309 do vixente orzamento municipal para o importe de 241.832,42 euros.

### **CUARTA. PRAZO DE EXECUCIÓN.**

As obras obxecto deste contrato executaranse con suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e conforme ó proxecto aprobado polo Concello e terán un prazo máximo de execución de CINCO MESES (5 meses) contados a partires do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo.

### **QUINTA.- PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.**

O presente contrato adxudicarase polo procedemento aberto e a forma de concurso, previsto e regulado polos artigos 73 ó 81, 85 e seguintes e 137 do TRLCAP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e se atopen clasificadas dentro do Grupo G, Subgrupo 6, categoría d) e non se atopen comprendidas en ningunha das circunstancias ou prohibicións contidas nos artigos 20 e seguintes do TRLCAP.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constituían temporalmente de conformidade co artigo 24 do TRLCAP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato posuirá a plena representación ante a administración e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal

## CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Refª: Informe\_Proposta\_Contratacion.doc

Asunto: Obras accesibilidade Concello de Lugo Fase III

de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

### **SEXTA. GARANTÍAS.**

Os licitadores terán a obriga de presentar o xustificante de constitución dunha fianza provisional, por importe de **4.836,64 euros**.

O licitador que resulte adxudicatario virá obrigado a constituír unha garantía definitiva, por un importe do 4% do prezo de adxudicación, no prazo máximo de 15 días contados a partir da notificación da adxudicación. De non cumprirse este requisito por causa imputable ó adxudicatario, declararase resolto o contrato. A fianza poderá constituírse en calquera das fórmulas sinaladas no artigo 35 do TRLCAP, sinaladas neste prego para as fianzas provisionais, esto é:

- a) En metálico, valores públicos, valores privados avalados pola Administración ou por entidades financeiras privadas, que se depositarán nas oficinas da Tesourería Municipal.
- b) Aval bancario, de cooperativas de crédito ou sociedades de garantía recíproca.
- c) Por contrato de seguro de caución.

Se a mesma garantía provisional se constituíse en metálico ou valores, será potestativo para o adxudicatario aplicar o seu importe á garantía definitiva ou proceder á nova constitución desta última. Neste suposto deberá ser cancelada a garantía provisional simultaneamente á constitución da garantía definitiva.

### **SÉTIMA. EXPOSICIÓN PÚBLICA DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.**

7.1.- O prego de cláusulas administrativas e as prescricións técnicas serán expostos ó público durante o prazo de 8 días hábiles seguintes ó da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para o seu exame e presentación no seu caso de reclamacións e suxestións. No caso de non presentarse entenderanse definitivamente aprobados dende a data de finalización do devandito prazo. O anuncio publicarase tamén do Diario Oficial de Galicia.

## **CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS**

ASM/mla

Refª: Informe\_Proposta\_Contratacion.doc

Asunto: Obras accesibilidade Concello de Lugo Fase III

7.2.- O prazo de presentación de proposicións será de 26 días contados a partires da data de publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia. Se o último coincidise en sábado ou festivo, entenderase prorrogado ata o seguinte día hábil.

### **OITAVA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.**

As empresas presentarán a súa proposición en dous sobres pechados, asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, dirección, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Ditos sobres denominaranse coas letras (A), DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, e (B), OFERTA ECONÓMICA.

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula sétima, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

### **NOVENA.- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA.**

O sobre denominado (A), documentación administrativa, conterà, como mínimo, os seguintes documentos:

- Acreditativos da personalidade do licitador, que poderán ser:

a) DNI do licitador, se se trata de empresario individual, ou escritura de constitución se se trata dunha sociedade, debidamente inscrita no seu correspondente rexistro.

b) Poder bastantado: os que comparezan ou asinen proposicións representando a outra persoa ou entidade presentarán poder debidamente bastantado polo titular da asesoría xurídica do Concello ou por funcionarios do servizo de contratación

## CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Refª: Informe\_Proposta\_Contratacion.doc

Asunto: Obras accesibilidade Concello de Lugo Fase III

do Concello habilitados ó efecto. Para esto, presentarse orixinal e fotocopia nas oficinas de Contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ó remate do prazo de presentación das proposicións, de 9,30 a 14,00 horas, de luns a venres e aboarase a correspondente taxa (9,50 euros aprox). Se a empresa fose persoa xurídica, o poder deberá estar debidamente inscrito no Rexistro Mercantil.

- Certificado de atoparse clasificada a empresa no Grupo G, Subgrupo 6, categoría d).

- Declaración responsable do licitador, autorizada ante unha autoridade administrativa, Notario público ou organismo profesional cualificado, na que se faga constar que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 20 do TRLCAP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social contempladas nos artigos 13 e 14 do Regulamento xeral que desenvolve a LCAP. Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espacio económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Tributaria e o Concello de Lugo, respectivamente segundo se trate de tributos estatais ou municipais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería xeral da Seguridade Social.

- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas.

- Xustificante de constitución da fianza provisional, a cal consistirá nun 2 por 100 do tipo de licitación (**4.836,64 euros**).

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou pola Xefa do Negociado de Rexistro deste Excmo. Concello.

No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:



**CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS**

ASM/mla

Refº: Informe\_Proposta\_Contratacion.doc

Asunto: Obras accesibilidade Concello de Lugo Fase III

- Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espacio económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro.
  - Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espacio económico europeo ademais de acredita-la súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:
    - Certificación expedida pola respectiva representación diplomática española na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.
    - Informe de representación diplomática española sobre a condición do estado signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 23-1º da Lei de contratos das administracións públicas.
    - Declaración de sometemento á xurisdicción dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.
- Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

O sobre denominado (B), Proposición Económica, conterà o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don ....., con domicilio en ..... e DNI nº ....., expedido o ....., en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de ....., con DNI ou CIF nº .....,), fai constar:

- a) Que solicita tomar parte no concurso convocado para a contratación das **OBRAS DE ACCESIBILIDADE NO CONCELLO DE LUGO (FASE IV)**.
- b) Propón como prezo do contrato a cantidade de ..... euros, IVE incluído cunha mellora en obra por importe de ..... euros. As cantidades consígnanse en letra e número.
- c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

## CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Refª: Informe\_Proposta\_Contratacion.doc

Asunto: Obras accesibilidade Concello de Lugo Fase III

d) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

O licitador poderá acompañar á súa oferta canta documentación complementaria estime conveniente para a mellor comprensión e xustificación da mesma.

### **DÉCIMA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PLICAS**

De conformidade co previsto no artigo 81 do TRLCAP a Mesa de Contratación estará integrada por:

**PRESIDENTE:** Sra. Concelleira delegada da área de economía e emprego.

**VOCAIS:**

- O Concelleiro de infraestructuras.
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a corporación
- Interventora xeral ou funcionario/a que legalmente a substitúa.
- O titular da asesoría xurídica do Concello o funcionario/a que o substitúa.

**SECRETARIA:** A xefa do servizo de contratación ou funcionario/a do servizo que a substitúa.

O acto público de apertura das ofertas (sobre B) celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO**

A adxudicación será efectuada polo órgano competente a proposta da Mesa de Contratación, unha vez obtidos, de ser o caso, os informes técnicos necesarios. A adxudicación recaerá sobre a proposta que resulte máis vantaxosa, en apreciación

## CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Refª: Informe\_Proposta\_Contratacion.doc

Asunto: Obras accesibilidade Concello de Lugo Fase III

conxunta de tódolos documentos presentados, ou declararase deserta se, na súa apreciación libre e xustificada, ningunha das proposicións presentadas resultase conveniente ós seus fins.

Os criterios de avaliación das proposicións presentadas serán os seguintes:

### **A) Mellor oferta económica (ata 4 puntos)**

Valorarase coa puntuación máxima aquela oferta que supoña unha maior mellora en obra con respecto ó importe de licitación, e non esté incurso en presunción de temeridade, disminuindo a puntuación porcentualmente ata CERO (0) puntos coa que se valorará a oferta que coincida co presuposto de licitación.

A porcentaxe polo que, en principio, se determinará a baixa temeraria será a resultante da media aritmética das melloras ofertadas incrementada en DEZ (10) unidades, sen perxuízo da súa valoración, por parte da Mesa de Contratación.

As puntuacións máximas virán dadas en función da mellora media ofertada polos licitadores, segundo o seguinte baremo:

Mellora media superior ó 10%, puntuación máxima 4 puntos.

Mellora media comprendida entre o 7,5 e o 10%, puntuación máxima 3 puntos.

Mellora media comprendida entre o 5 e o 7,5 %, puntuación máxima 2 puntos.

Mellora media inferior ó 5%, puntuación máxima 1 puntos.

Para a determinación da mellora media, excluírase (sempre no caso de presentarse un número de licitadores superior a tres) a menor das melloras.

### **B) Garantías adicionais no período de garantía (ata 2 puntos).**

Valorarase o programa presentado pola empresa para o mantemento destinado ás reparacións na obra durante o ano que comprende o período de garantía. A valoración faise sobre un máximo de 2,00 puntos e o baremo establécese do xeito seguinte:

a) Medios e equipos que se compromete a manter durante o período: Máximo 0,20 puntos. Avaliaranse os compromisos concretos de disposición de medios materiais e persoais durante o período de garantía.

b) Rapidez de resposta: Máximo 0,10 puntos. Avaliaranse os compromisos concretos de prazos máximos de resposta en caso de avarías ou danos durante o período de garantía.

## CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Refª: Informe\_Proposta\_Contratacion.doc

Asunto: Obras accesibilidade Concello de Lugo Fase III

c) Garantías adicionais propostas polo licitador: Máximo 1,70 punto. Avaliaranse as proposicións concretas de garantías adicionais, do xeito seguinte:

Incremento do período de garantía. De xeito que, valorarase coa máxima puntuación ó licitador que presente maior prazo de garantía total, correspondendo cero puntos ós licitadores que, ou ben non fagan mención expresa ou ben propoñan o prazo que consta no prego. Os períodos que para computar as propostas serán de seis (6) meses, de modo que toda proposta inferior a 18 meses será considerada como de 12 meses e acadará cero puntos.

No caso de que dúas ou máis proposicións obtivesen a puntuación máis alta, terá preferencia aquela empresa que teña en plantilla un número de traballadores minusválidos non inferior ó 2 por 100.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

Acordada a adxudicación do contrato, procederase a efectuar a correspondente notificación ó adxudicatario para que dentro do prazo dos 15 días naturais seguintes o da notificación, o adxudicatario presente:

- Resgardo acreditativo de ter constituído a garantía definitiva.
- Xustificante de aboamento dos gastos de anuncios e do importe dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

Os contratos formalizaranse en documento administrativo dentro do prazo de 30 días contados dende o seguinte ó da notificación da adxudicación, constituíndo o antedito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público, podendo non obstante, elevarse a escritura pública cando o solicite o contratista, sendo a súa costa os gastos derivados do seu outorgamento.

Cando por causas imputables ó adxudicatario non puidese formalizarse o contrato, a Administración poderá acordar a súa resolución do mesmo, previa audiencia de aquel, con incautación da garantía provisional e a indemnización dos danos e perxuízos ocasionados.

Non obstante, ó tratarse dun expediente obxecto de tramitación urxente, o Concello poderá acordar o comenzo da execución do contrato aínda que non se formalizase éste, sempre que fora constituída a garantía definitiva correspondente.

## **CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS**

ASM/mla

Refª: Informe\_Proposta\_Contratacion.doc

Asunto: Obras accesibilidade Concello de Lugo Fase III

### **DÉCIMO TERCEIRA. COMPROBACIÓN DO REPLANTEO**

Dentro do prazo que se consigne no contrato, que non poderá ser superior a un mes dende a data da súa formalización, o director das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do replanteo feito previamente á licitación, estendéndose acta do resultado, que será asinada por ámbalas dúas partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ó órgano que celebrou o contrato.

### **DÉCIMO CUARTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO.**

1. Os traballos executaranse con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no proxecto aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica destes dera ó contratista o Director facultativo designado polo Concello.

Cando as instrucións foran de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 114 do TRLCAP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

3. En todo o relativo á subcontratación, haberá de estarse ó disposto nos artigos 115 e 116 do TRLCAP.

### **DÉCIMO QUINTA. GASTOS**

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato, incluíndose anuncios de licitación e taxas (1.400 euros aproximadamente), serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase, así mesmo, obrigado ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

### **DÉCIMO SEXTA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS.**

## CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Refª: Informe\_Proposta\_Contratacion.doc

Asunto: Obras accesibilidade Concello de Lugo Fase III

- O contratista estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.

- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Hixiene no traballo.

A Lei 31/95, de prevención de riscos laborais, o R.d. 39/97 que aproba o Regulamento dos servicios de prevención, a normativa concordante e complementaria que a desenvolve e especificamente o R.d. 1627/97, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, obrigan á contrata como empresa a elaborar e conservar a disposición da autoridade laboral, a seguinte documentación:

- Avaliación dos riscos para a seguridade e saúde no traballo e planificación da acción preventiva.
- Medidas de protección e de prevención que se van adoptar e material de protección que deba empregarse.
- Resultado dos controis periódicos das condicións de traballo e da actividade dos traballadores, de acordo co disposto no terceiro parágrafo da alínea 1, do artigo 16 da Lei 31/95.
- Práctica dos controis do estado de saúde dos traballadores previstos no artigo 22 da Lei 31/95 e conclusións obtidas nestes, nos termos recollidos no último parágrafo da alínea 4 do citado artigo.
- Relación dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais que lle causaran ó traballador unha incapacidade laboral superior a un día de traballo.

Deberá, ademais do sinalado anteriormente:

- Redactar o Plan de seguridade e saúde, de acordo co R.d. 1627/97, que será aprobado polo coordinador en materia de seguridade e saúde na fase de execución ou pola dirección facultativa, en ausencia deste.
- Manter unha organización de prevención, mediante calquera das modalidades indicadas no R.d. 39/97, contando obrigatoriamente (salvo que concerte cun servizo de prevención alleo, e neste caso sería só recomendable) cun traballador designado cunha formación mínima de 50 horas (nivel básico), (o criterio, no escrito, ata a data de redacción deste texto, é que un traballador con formación de nivel básico non pode facer avaliacións de riscos en empresas do Anexo I do R.d. 39/97, polo que habería que concertar cun

## CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Refª: Informe\_Proposta\_Contratacion.doc

Asunto: Obras accesibilidade Concello de Lugo Fase III

servicio de prevención alleo ou contratar a un técnico de nivel superior ou intermedio), ó que o coordinador en materia de seguridade e saúde na fase de execución da obra ou a dirección facultativa, en ausencia deste, transmitirá por escrito, a través do Libro de ordes, do Libro de incidencias ou, en ausencia deste, de calquera outro medio que acredite de xeito fidedigno a comunicación realizada, toda deficiencia que sexa detectada en materia de seguridade e saúde, aínda cando a responsabilidade directa deste control recaia sobre a organización de prevención da empresa contratista.

- A empresa contratista deberá contar cun plan de emerxencia, de acordo co artigo 20 da Lei 31/95, no que se analizarán as posibles situacións de emerxencia e se adoptarán as medidas necesarias en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación do persoal ó seu servizo. Para isto designará o persoal encargado de poñer en práctica estas medidas coa formación axeitada, suficiente en número, dispoñendo de material axeitado e comprobando periodicamente o correcto funcionamento das medidas adoptadas. Ademais, o empresario contratista deberá organizar as relacións que sexan necesarias con servizos externos á empresa, en particular en materia de primeiros auxilios, asistencia médica de urxencia, salvamento e loita contra incendios, de xeito que quede garantida a rapidez e eficacia das destas, no suposto en que os medios propios non sexan suficientes.

### ◆ Coordinación de actividades empresariais.

No suposto de realización de actividades mediante subcontratas:

- O empresario principal deberá vixiar o cumprimento da normativa de Prevención de Riscos Laborais.
  - O empresario principal deberá informar sobre a utilización, manipulación, riscos e medidas de protección e prevención ós contratistas e subcontratistas cando estes operen con maquinaria, equipos, produtos, materias primas ou útiles proporcionados pola empresa principal, pero fóra do seu centro de traballo.
- ◆ Ademais, a empresa contratista, con relación ó artigo 18 da Lei 31/95, deberá redactar unha normativa interna, que distribuirá ós seus traballadores e que conterá as informacións necesarias relacionadas con:

## CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Refª: Informe\_Proposta\_Contratacion.doc

Asunto: Obras accesibilidade Concello de Lugo Fase III

- Os riscos para a seguridade e a saúde dos traballadores no traballo, tanto aquilo que afecta á empresa no seu conxunto como a cada tipo de posto de traballo ou función.
- As medidas e actividades de protección e prevención aplicables ós riscos sinalados no parágrafo anterior.
- As medidas adoptadas de conformidade co disposto no artigo 20 (medidas de emerxencia) da Lei 31/95.
  
- ◆ Antes do comezo da obra, a empresa contratista achegará a documentación sinalada nos parágrafos anteriores, que será comprobada polo Coordinador en materia de seguridade e saúde na fase de execución da obra ou pola dirección facultativa, en ausencia do Coordinador, o cal emitirá un informe que, posteriormente, por referirse a obras da Administración pública será aprobado polo órgano competente, como nos indica o R.d. 1627/97 no seu artigo 7, alínea 2.
  
- ◆ De igual xeito, comprobarase a alta dos traballadores no réxime da Seguridade Social e que a empresa está o corrente do pago das cotas, e informarse da posible existencia de traballadores procedentes de empresas de traballo temporal, actualmente prohibidos en obras de construción, ou autónomos.
  
- ◆ Sinalarase a forma do aboamento das partidas do orzamento do Plan de seguridade e saúde que será incluído expresamente nos pagos que realicen por certificación de obra.

Xúntase anexo ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

### **DÉCIMO SÉTIMA.- RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS**

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estrictamente ó presente prego, ó proxecto técnico e demais aspectos contractuais, así como o previsto no



## **CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS**

ASM/mla

Refª: Informe\_Proposta\_Contratacion.doc

Asunto: Obras accesibilidade Concello de Lugo Fase III

TRLCAP en relación coa subcontratación de calquera tipo de servizos, obras ou actividades propias desta.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentárase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo.

Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

### **DÉCIMO OITAVA. RECEPCIÓN E PAGAMENTO.**

Ó remate das obras subscribírase a oportuna acta de recepción, sendo o período de garantía, como mínimo de UN ANO contado a partires da data da sinalada acta. Non obstante este período será o sinalado polo adxudicatario na súa oferta.

O pagamento efectuarase mediante facturas mensuais, unha vez emitidas as correspondentes certificacións polo Director facultativo, e conformadas pola Concelleira delegada da área de economía e emprego.

### **DÉCIMO NOVENA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.**

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 111 e 149 do TRLCAP.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato en aplicación do disposto no artigo 95 do mesmo texto legal, por incumprimento dos prazos por parte do contratista ou a imposición de penalidades.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.”

**A N E X O**

**DATOS:**

<b>EMPRESA:</b>			
<b>ENDEREZO:</b>			
<b>LOCALIDADE:</b>		<b>PROVINCIA:</b>	
<b>PERSOA DE CONTACTO:</b>			
<b>TELÉFONO:</b>		<b>FAX.:</b>	

**MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA**

<b>1º <input type="checkbox"/> CONCERTO CON SERVICIO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA</b>			
<b>NOME:</b>			
<b>ENDEREZO:</b>			
<b>LOCALIDADE:</b>		<b>PROVINCIA:</b>	
<b>PERSOA DE CONTACTO:</b>			
<b>TELÉFONO:</b>		<b>FAX:</b>	
<b>ESPECIALIDADES CONTRATADAS:</b>			
<b>PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:</b>			

**\* XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.**

2º  **COMO MEMBRO DO SERVICIO MANCOMUNADO**  
\* Xuntar a acta de Constitución.

3º  **TRABALLADOR DESIGNADO**  
Nome e Apelidos:  
Cargo:

**NOME EMPRESARIO:**  
**D.N.I.:**  
**FIRMA:**  
**DATA:**

**SELO DA EMPRESA**

**TERCEIRO.-** Aprobar o gasto de de 241.832,42 euros con cargo á partida 3230.60309 do vixente orzamento xeral.

**CUARTO.-** Aprobar o procedemento de adxudicación aberto, sendo a forma o concurso, de acordo co disposto nos artigos 73.2 e 74.3, respectivamente, do Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.

**QUINTO.-** Nomear director da obra de referencia ó enxeñeiro de camiños do servizo de enxeñería municipal, don Pablo Fuentes Faílde.

**SEXTO.-** Publicar o anuncio de licitación no Diario Oficial de Galicia e, simultaneándoo coa exposición pública do proxecto e prego de cláusulas administrativas, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de conformidade co disposto no artigo 326 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Lugo, 13 de decembro de 2007

A XEFA DO SERVIZO  
DE CONTRATACIÓN

CONFORME, A CONCELLEIRA  
DELEGADA DA ÁREA

Asdo: Ana I. Sáez Mancebo

Asdo: Sonia Méndez García